

Os ratos poñéndolle o axóuxere ao gato

Un hábil gato tiña por costume cazar ratos para cear. Os poucos ratos que quedaban non saían do burato, por medo a se converter nas seguintes vítimas. Unha noite en que o gato marchou a dar unha volta, os ratos fixeron unha xunta sobre o seu problema máis urxente.

Desde o principio, o rato máis ancián, sabio e prudente, sostivo que había que idear un medio de modo que sempre avisase da presenza do gato e puidesen eles agocharse a tempo. Efectivamente, ese era o remedio e non había outro. Todos foron da mesma opinión.

Un dos asistentes propuxo poñerlle ao gato un axóuxere no pescozo, o que lles pareceu a todos unha excelente solución. Só se presentou unha dificultade: quen le poñía o axóuxere ao gato.

E como ninguén se ofreceu, rematou a reunión sen adoptar acordo ningún.

Nunca busques solucións imposibles de realizar.

Esopo

1 Por que non saían os ratos do seu burato?

.....

2 Para que fixeron unha xunta?

.....

3 Que idea se lle ocorreu na reunión a un dos ratos?

.....

4 Por que non se atreveu ningún rato a levar á práctica solución?

.....

5 Relaciona cada frase feita co seu significado:

Facer gatadas.

Ser moi pobre.

Calar coma un rato.

Andar coas catro extremidades.

Dar gato por lebre.

Facer falcatruadas.

Ser pobre como as ratas.

Gardar silencio.

Andar ás gatiñas.

Enganar dando algo diferente ao esperado.